

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE XANEIRO DE 2011**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 29 de decembro de 2010.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas municipais de instalación e apertura: dunha clínica dental na rúa Pintor Laxeiro, números 9-11, baixo e dun aparcadoiro público con servizos do automóbil de lavado e cambio de pneumáticos, na avenida da Coruña, número 269, baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de edificación sita na rúa Pintor Villamil, número 10; para construción de edificio na rúa San Roque, número 50; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Serra Gañidoira, número 63; para legalización de substitución de galerías de madeira existentes no edificio sito na ronda da Muralla, números 15-16-17 e para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada no edificio tradicional sito no núcleo rural tradicional de Viña+Fazai, parroquia de San Martiño de Carballido.

Lugo, 5 de xaneiro de 2011  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García